



R e o Círculo de Empresarios de Galicia renovan a súa alianza con actividades sobre innovación tecnolóxica para mellorar a toma de decisións empresariais

- *O novo convenio impulsará un programa estratéxico de actividades para mellorar competitividade, produtividade e toma de decisións das empresas galegas a base de innovación e tecnoloxía aplicada.*
- *A presidenta do Círculo e máis o director de R e de MasOrange en Galicia revalidaron o acordo de colaboración na sede do Círculo en Vigo.*

Mércores, 18 de febreiro de 2026.- R renovou, máis un ano, o seu acordo de colaboración como **socio tecnolóxico estratéxico** do Círculo de Empresarios de Galicia para seguir achegando visión, coñecemento e experiencia real ao tecido empresarial de Galicia, sobre todo nos eidos da innovación e a tecnoloxía.

A alianza co Círculo daralle percorrido a proxectos e accións de valor para empresariado galego, revalidando a confianza e o compromiso de entidade e operador a prol do desenvolvemento socioeconómico de Galicia e a competitividade das súas empresas.

María Borrás, presidenta do Círculo, e Alfredo Ramos, director de R e de MasOrange en Galicia, asinaron o acordo recentemente na sede da entidade en Vigo. María Borrás incidiu en que *“a renovación deste convenio revalida a nosa aposta polo pulo directivo do empresariado de Galicia. É un acordo prioritario para nós porque no Círculo exercemos de panca para a transformación dixital do noso tecido produtivo e, para logralo, temos o mellor aliado estratéxico: R e MasOrange”*.

Alfredo Ramos salientou que é un orgullo *“traballar ano tras ano pola transformación dixital das empresas galegas xunto ao Círculo e promover actividades que permitan mellorar a toma de decisións dos negocios a través da innovación, a tecnoloxía e a sostibilidade. Reforzar o espírito emprendedor, a competitividade e a produtividade das nosas empresas forma parte da folla de ruta de R dende hai máis de dúas décadas e agora tamén co grupo MasOrange en Galicia”*.



Innovación, tecnoloxía e empresa intelixente

Seguindo a liña de anos anteriores, **R** e o Círculo porán en marcha un programa de actividades para directivos/as e empresarias/os de Galicia, profesionais libres ou representantes de organismos públicos.

Ademais de **contidos audiovisuais** de valor para a súa posterior difusión, en 2026 desenvolveranse **actos, en formato aberto ou máis exclusivos**, centrados na innovación tecnolóxica e ao compás das tendencias e vangardas que marcan os nosos días.

No apartado de actos abertos, **R** será o impulsor tecnolóxico e participará de maneira activa na 5ª edición do ciclo **CIBERSEGURIDADE & CIBERTECH**, este ano baixo o título de **“Empresas resilientes nun mundo hiperconectado”**. Tamén se celebrará a 3ª edición do encontro **MEET_IA** sobre **“Intelixencia Artificial, o Futuro”**. Nos dous casos trátase de foros empresariais de referencia en Galicia en formato híbrido (presencial + *streaming*), abertos a empresarios/as, directivos/as e profesionais, onde se analizará como as tecnoloxías clave están a redefinir os modelos de negocio e a competitividade empresarial.

En paralelo desenvolverase un **programa exclusivo de alto impacto** centrado na **“empresa intelixente”** e dirixido a 5 empresas galegas seleccionadas, en formato obradoiro intensivo (*bootcamp*). Serán tres talleres temáticos presenciais en xornadas independentes, con carácter confidencial e onde participarán non máis dun ou dous directivos por empresa sobre temas como a IA aplicada á empresa real, conectividade, *cloud*, ciberseguridade como vantaxe competitiva, produtividade, procesos ou talento dixital. Todo iso, co acompañamento estratéxico e o asesoramento de **R** como socio tecnolóxico.

En terceiro lugar desenvolveranse **contidos audiovisuais de valor** sobre **“casos de éxito de R”** (conversas ou relatos empresariais) gravados no Círculo e con empresas galegas como protagonistas. O obxectivo é analizar decisións tecnolóxicas dos negocios e a súa repercusión real no mercado a curto ou medio prazo.

Ademais, **R** estará presente institucionalmente na web do Círculo, como vén facendo dende hai anos, e continuará sendo asesor dixital dos/as socios/as da entidade.

Sobre o Círculo de Empresarios de Galicia

O Círculo de Empresarios de Galicia, concibido hai máis de 30 anos como punto de encontro para empresarios/as, directivos/as e profesionais, eríxese como foco central de negocios na comunidade dende a súa sede en Vigo. É parte activa da sociedade civil e pretende contribuír ao desenvolvemento e benestar socioeconómico de Galicia.

Así, entre os seus obxectivos atópanse: impulsar unha cultura emprendedora e dinámica; reforzar o liderado social e económico de Galicia e impulsar o desenvolvemento e consolidación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal; ser unha organización de referencia para os organismos públicos e as forzas sociais en todos os temas que lle afecten ao desenvolvemento económico; fomentar o intercambio de experiencias e a difusión de análises socioeconómicas e novas tendencias co fin de contribuír á competitividade das empresas galegas e fortalecer un marco de relacións empresariais que promova a cooperación no empresariado e axude ao acceso a novas oportunidades de negocio.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga, televisión dixital e luz+gas. E para empresas e administracións públicas, R integra unha oferta completa de servizos dixitais avanzados: postos de traballo 100 % dixitais, ciberseguridade, 'cloud', IoT + solucións 5G e capacidades de datos + IA para sectores clave.

Como marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, R é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia alí onde ten despregada a súa rede de fibra óptica.

Dende 2024 forma parte de MasOrange, líder do sector das telecomunicacións en España por número de clientes, e é a insignia do Grupo en Galicia, onde xa superou a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e máis do 97 % da poboación con dispoñibilidade de acceso ao 5G. ([R.gal](#))

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal